

## LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge  
Cebro Barreiro, Sabela  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Iglesias, Manuel  
González Santamaría, Pedro  
Martínez Martín, M<sup>a</sup> José  
Pena Uris, Gloria M.  
Zas Varela, Mónica

## DESCULPA ASISTENCIA

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 19 de novembro de dous mil catorce, convocada para as 9:00 h en primeira convocatoria e ás 09:30 h en segunda na Sala de Xuntas de Xerencia.

O día **19 de novembro de 2014** ás 09:34 h deu comezo a xuntanza extraordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Toma en consideración, se procede, da solicitude de dona Francisca Fernández Prol, en relación ás eleccións á Dirección do Departamento de Dereito Público Especial.
2. Rolda libre de intervencións.

**Punto 1.** Toma en consideración, se procede, da solicitude de dona Francisca Fernández Prol, en relación ás eleccións á Dirección do Departamento de Dereito Público Especial.

O presidente recorda aos presentes que a sesión vai ser gravada, como é habitual, e pregunta se alguén ten inconveniente. Ao non haber ningunha negativa, dá comezo o punto 1 da orde do día, realizando a exposición da solicitude e cede a palabra á secretaria xeral, quen fai unha presentación do Departamento de Dereito Público Especial, do equilibrio existente entre o número de membros das dúas áreas que o constitúen, así como un breve resumo do conflito presentado neste departamento: a dimisión do anterior director don Jaime Cabeza; o nomeamento de D. Roberto Fernández López; a constatación da incursión en incompatibilidade deste profesor por formar parte do Tribunal de Garantías; e as dificultades xurdidas na xuntanza do Consello de Departamento do día 15 de outubro, no que se celebrou a votación entre dous candidatos, D. Jaime Aneiros e Dna. Francisca Fernández.

Nesta sesión do Consello de Departamento celebráronse dúas votacións, con idénticos resultados: 20 votos emitidos, obtendo o primeiro candidato 10 votos, a segunda candidata 9 votos e unha abstención. Nesta votación participou unha alumna, dona Elena Rosendo Vázquez, que xa non reunía as condicións requiridas para formar parte do consello, xa que non era estudante de doutoramento, sector polo que fora elixida.

Indica a secretaria xeral que as irregularidades que tiveron lugar neste proceso electoral, e que foron denunciadas no escrito de dona Francisca Fernández Prol, xustifican a convocatoria desta xuntanza extraordinaria da Comisión Electoral.

Explica o presidente que con motivo deste recurso solicitouse un informe á Asesoría Xurídica; e comenta brevemente os seus aspectos fundamentais en relación coas solicitudes da profesora.

1. Solicitude de declaración de nulidade do proceso. Lembra o presidente que o feito de que o director en funcións convocante do Consello non reunira as condicións axeitadas para

exercer de director non invalida os seus actos a terceiros, polo que non sería causa de nulidade. Pero a participación dunha persoa que non era membro do departamento e que esta participación resultara determinante no resultado da elección, si que é causa de nulidade do proceso. Polo que propón que, dado que ten que ser resolto en Consello de Goberno, se traslade a este órgano colexiado a proposta da Comisión Electoral de que sexa declarado nulo o proceso de elección de director do Departamento de Dereito Público Especial.

O Sr. Federico Fernández pregunta acerca da proposta que figura no informe de Asesoría Xurídica de “retrotraer o procedemento”. Pregunta a que momento do procedemento. Responde a secretaria xeral que no procedemento habería que volver a convocar aos membros do Consello de Departamento para proceder á elección de director/a do Departamento. Pregunta D. Federico Fernández se debería realizarse co censo anterior, descontando a alumna, ou cos novos membros do Consello. Hai un intercambio de opinións, indicando dona Mónica Zas que había unha profesora que sendo membro nato non fora convocada, polo que aínda que se repetira a convocatoria co censo anterior, os resultados non terían porque coincidir. Explica a secretaria xeral que no nomeamento da directora en funcións estableceuse un prazo, ata finais de xaneiro, para permitir que se leve a cabo o novo proceso de elección a membros de departamento, de xeito que no próximo Consello para a elección de director poidan ter un censo correcto.

2. Con respecto da solicitude de depuración de responsabilidades que efectúa a recorrente no punto dous do seu escrito, explica o director que a Comisión Electoral non é competente para demandar responsabilidades e, como indica a Asesoría Xurídica, dona Elena Rosendo xa non é membro da comunidade universitaria, polo que tampouco é posible a esixencia de responsabilidades. Realízase un intercambio de opinións ao respecto, tralo que queda claro que non é competencia da Comisión Electoral establecer ditas responsabilidades.

3. Con respecto da petición de que a Secretaría Xeral leve a cabo o novo proceso electoral, o presidente expón que é competencia do Consello de Departamento a elección do seu director, e que o feito de que existiran irregularidades previas non permite presupór que volva a habelas, polo que non ten sentido a tutela da Secretaría Xeral.

Finalmente, acórdase que a secretaria xeral redacte os acordos anteriores no formato axeitado para elevalo ao Consello de Goberno, que se remita por correo electrónico aos membros da Comisión Electoral para a súa revisión e aprobación.

Comenta o Sr. Federico Fernández o procedemento que se levara a cabo nunha reclamación anterior, nun proceso electoral na Facultade de Ciencias da Educación en Pontevedra, na que el fora comisionado para analizar o problema xurdido nos censos e a realización dun informe.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Rolda libre de intervencións.

Dona Mónica Zas pregunta se os representantes do profesorado a tempo parcial decaen como membros dos órganos colexiados, xa que en agosto se interrompe o seu contrato. O presidente

indica que é una cuestión que se debería consultar. Tras un intercambio de opinións ao respecto, a secretaria xeral explica que esta situación xa foi analizada trala constitución dos novos Claustro e Consello de Goberno. Nestes casos, verificouse que todos os representantes destes profesores volveron a ser contratados en setembro, polo que, tendo en conta que en agosto os órganos colexiados non actúan, decidiuse manter os representantes elixidos en maio, xa que se considerou que o prexuízo causado era maior se había que volver a realizar a elección. Explica que no caso do Tribunal de Garantías, a pesar de que este órgano tampouco actuou nese período e que os profesores continuaban o seu contrato en setembro, tomaron a decisión no propio órgano colexiado e acordaron dimitir. E neste próximo Claustro está convocada a elección destes representantes, xunto coas vacantes doutros sectores. Aclara tamén que ata o de agora esta situación non afectou a órganos colexiados na súa actuación ou aos censos dunha elección, pero nese caso e, ata que non teñamos normativa clara neste terreo, verificaríase a continuidade do contrato no departamento e sector, para poder manter a representatividade.

O profesor Pedro González expón que este é un problema causado pola propia Universidade ao decidir a suspensión do contrato en agosto, medida que non supón un gran aforro económico pero que provoca moitos problemas. Tamén coincide en que garantir a continuidade dun representante nun órgano colexiado tamén é importante para garantir a súa labor.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:12 h do día 19 de novembro de 2014, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M<sup>a</sup> Pena Uris